CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN BAC LINGUA GALEGA E LITERATURA

CRITERIOS CUALIFICACIÓN 2º BAC		
CONTIDOS	**%**	**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
Contidos teóricos e procedimentais	80	Farase, como mínimo, unha proba escrita por avaliación na que os alumnos darán conta dos contidos da materia. Cada falta de ortografía ou redacción incorrecta poderá baixar ata 0,2 puntos. Por marxe, -0,25 puntos. Por mala presentación, ata -1 punto. Por todos estes conceptos poderase baixar ata un máximo de 4 puntos. (O aprobado está en 4 mínimo) **(1)**
Lectura obrigatoria	10	
Tarefas (comentarios críticos, temas da súa elaboración presentados por oral ou escrito,etc.)	10	
Lecturas voluntarias		Cada lectura poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos que se engadirá á nota final nas tres avaliacións. A nota final deberá de ser de como mínimo 4,5 puntos para que sumen as lecturas optativas. Sumarán ata un máximo do 20% da nota final.
CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA		
Requisitos para aprobar	En cada avaliación obter unha nota mínima dun 5 (2) A nota da avaliación final será a media das notas das tres avaliacións. Para aprobar a materia, o alumno deberá ter aprobadas as tres avaliacións.	

(1) Ese mínimo de 4 puntos nos contidos obterase compensando as materias de Lingua e literatura e non poderán ter menos de 1 punto en ningunha das partes para obter un aprobado neste apartado.

En canto ós contidos son os do libro de texto de referencia, que se corresponden co currículum, ou outros materiais que o profesor estime oportuno dar. Sempre entrará todo o que se traballou previamente na aula e os materiais encomendados polo profesor.

(2) A non realización das tarefas encomendadas dentro da aula ou na casa, así como a actitude negativa cara á materia, o comportamento, etc. baixará un -0,1 en cada ocasión que esto se produza. Este desconto farase do cómputo global da nota xeral acadada

Enténdese que a entrega dos traballos, das tarefas ou das lecturas obrigatorias teñen que **realizarse dentro do prazo previsto.** No caso das lecturas lerase mínimo unha obra literaria por avaliación. O incumprimento inxustificado dos prazos pode supoñer un 0 nese apartado.

Cando un alumno non se presente ó exame terá que presentar un xustificante oficial. De non ser así, non se lle repetirá o exame.

Como a **avaliación é continua**, consideramos que as faltas de asistencia non xustificadas son totalmente contrarias a este proceso, polo que o alumno podería perder o seu dereito á avaliación continua e tería que presentarse ó exame final de xuño que incluirá toda a materia e no que terá que ter como mínimo un 5.

No caso de detectar que un alumno está copiando no exame, mediante o emprego de apuntes, gravacións...ou que substitúe as follas do exame por outras que xa trae cubertas, será amonestado retirándoselle o exame, que se calificará cun 0, e terá que presentarse obrigatoriamente á proba final de xuño ou setembro. Se se tratase da proba extraordinaria de setembro quedará sen posibilidade de recuperar a materia ata o curso seguinte.

Corrección lingüística. Os erros poderán ser:

- Moi graves: solucións alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,2 puntos c/u.
- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.
- Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente, acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

Na proba extraordinaria de setembro o alumno terá que recuperar toda a materia cunha nota de como mínimo 5 puntos, incluídos os libros de lectura de carácter obrigatorio que teña suspensos.